

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
36024161	CRA de Valga	Valga	2024/2025	Finalizado

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	06/11/24
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

2. Introducción

NOME DO CENTRO: CRA DE VALGA

DIRECCIÓN: A TORRE, 69, CAMPAÑA.

CORREO: cra.valga@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: www.edu.xunta.gal/centros/cravalga/

OFERTA EDUCATIVA: Educación Infantil (de 3 a 6 anos de idade).

ALUMNADO: 92 alumnos/as (curso 2024-25).

PROFESORADO: 8 titoras, 2 mestras de apoio, 1 mestre de música, 1 mestre de educación física, 1 mestra de inglés, 1 mestre de AL, 1 orientador compartido, 1 mestra de relixión compartida, 1 mestre de PT compartido e 1 mestra de AL compartida.

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O CRA de Valga é un Colexio Rural Agrupado constituído por Orde da Consellería de Educación do 28 de xullo de 2000, publicado no DOG de 7 de decembro de 2000, por seis escolas (Campaña, Chenlo, Ferreirós, Forno, Vilarello e Xanza) espalladas por distintas aldeas e parroquias do Concello. Valga é un concello rural da provincia de Pontevedra, cunha extensión de 40,72 km². Conta con 5768 habitantes, distribuídos en cinco parroquias (Cordeiro, Setecoros, Campaña, Xanza e Valga). O Concello de Valga está delimitado ao norte polos municipios de Dodro e Catoira, Catoira e Caldas de Reis polo sur, Cuntis polo este e Dodro polo oeste. Valga conta cunha gran oferta cultural nas distintas instalacións das que dispón como a biblioteca, museo ou auditorios, así como festexos e eventos de gran interese turístico como a Festa da Caña e da Anguía ou o Belén Artesanal. Respecto ao patrimonio histórico e natural, é de gran riqueza (petróglypho Pedra da Serpe, Praia Fluvial de Vilarello, Lagoa Mina Mercedes, Mirador Monte de Beiro, Parque Irmán Dios Mosquera, Fervenzas de Parafita...). Cómpre sinalar, tamén, que polo concello discorren dúas rutas do Camiño de Santiago: o Camiño Portugués e a ruta marítima-fluvial.

Contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro:

Na lexislación vixente establécese que o Proxecto Educativo recollerá a estratexia dixital do centro. Confórmase este Plan como unha ferramenta fundamental no noso centro para o fomento da investigación e innovación, a formación do profesorado, a xestión e organización interna, a compensación de desigualdades e a inclusión, etc. Ten un papel importante no desenvolvemento dos proxectos elaborados a nivel de centro e en coordinación con outros Equipos como o de Biblioteca escolar. Nos últimos anos, dende o CRA de Valga apostouse fortemente polo emprego das TIC no día a día, non só como recursos de aprendizaxe para o alumnado, senón tamén como estratexia de organización interna e de apertura á contorna. Nos últimos anos o CRA de Valga desenvolveu un PFP vinculado ao Plan Dixital.

Actualmente contamos cunha liña de Polos Creativos.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 24/25.

O Plan Dixital servirá como ferramenta para alcanzar os obxectivos que se plantexen na PXA do próximo curso.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

- AUTOAVALIACIÓN SELFIE
- TEST CDD
- TÉCNICA DOS 3 PORQUES.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Abuso dos tempos de uso dos dispositivos TIC e, en ocasións, frustración cando se limita o seu uso. Alta dependencia dunha guía do adulto. Non é facilmente realizable polo alumnado de xeito autónomo.	Alumnado	Si
Debilidade	Algunhas familias non teñen acceso a Internet e, polo tanto, o uso dalgunhas plataformas está limitado.	Familias	Non
Debilidade	Dependencia de empresas privadas para ofertar servizos como comedor e transporte.	Familias	Non
Debilidade	A dispersión xeográfica require dunha maior inversión e gasto (necesitamos ter os recursos multiplicados por 6 para as 6 escolas). Dotación de material insuficiente por parte da Consellería.	Infraestruturas	Non
Debilidade	As pautas da Consellería para a elaboración do Plan Dixital non se adoitan axustar á etapa de Educación Infantil nin á nosa tipoloxía de centro (por exemplo os Ítems do SELFIE e Test CDD). Percepción non compartida pola totalidade do Claustro da implicación do Equipo Directivo.	Organización de centro	Non
Debilidade	Necesidade de formación específica para un mellor aproveitamento dos recursos dixitais na Educación Infantil. As características da aprendizaxe mixta non se adaptan á Educación Infantil.	Persoal docente	Si
Fortaleza	Implicación do alumnado en todas as propostas relacionadas coas TIC. Materiais adaptados ao alumnado con nee.	Alumnado	Si
Fortaleza	Boa resposta ao uso das tecnoloxías e uso activo das canles de comunicación operativas no centro (Instagram, Whatsapp, Blog, Web do centro, Facebook¿).	Familias	Si
Fortaleza	Excelente dotación (pantallas multitáctiles, tabletas, smartphones, portátiles, robots, mesas de luz, luz negra, retroproxectores, teclados inalámbricos¿) Espazos amplos, versátiles e ben equipados. Repositorio de recursos en liña de elaboración propia e de acceso para todo o profesorado.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Aproveitamento dos recursos TIC dos que dispón o centro nas sesións de biblioteca polas tardes: espazo creativo, robótica, contacontos co uso de pantalla, son.	Oferta	Non
Fortaleza	Emprego de ferramentas TIC para a comunicación da Comunidade Educativa, elaboración de material e documentos do centro, creación de redes de traballo¿ Existencia dun Equipo Directivo proactivo, moi implicado.	Organización de centro	Si
Fortaleza	Boa predisposición e uso dos recursos dispoñibles. Creación de recursos en liña abertos ao profesorado. Adaptación ás necesidades e características do alumnado atendendo á diversidade e garantindo a inclusión. Existencia dun Proxecto interdisciplinar compartido por todo o centro.	Persoal docente	Si

Fortaleza	Intercambio multicultural cunha persoa auxiliar de conversa (emprego das TIC para achegar esta diversidade cultural ao alumnado).	Persoal non docente	Non
-----------	---	---------------------	-----

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Pouca adaptación á etapa de Educación Infantil e tipoloxía do noso centro (CRA) da formación ofertada. Inversións como EDIXGAL, pantallas multitáctiles, aulas virtuais, moodle, están adicadas a outros tipos de centro, que exclúen CRA. Pouca inversión en TIC para infantil e CRA. Pouca practicidade para o noso centro educativo dos programas corporativos da Consellería, tanto de software como plataformas (Abalar, XADE, Web, Escolas na Nube...), tendo que complementar con outro tipo de aplicacións (Blog, Facebook, Instagram, Canva, Google Drive...).	Administración educativa	Non
Ameaza	Dispersión xeográfica: ao tratarse de zonas rurais dificulta o acceso fluído á conexión e a unha boa velocidade. Necesidade de empregar recursos persoais para xerar, en ocasións, un bo acceso.	ANPA	Non
Ameaza	Carencia de bancos de imaxes e recursos corporativos funcionais para a realidade das nosas aulas, polo que se recorre a imaxes de buscadores ou bancos de imaxes alternativos.	Lexislación	Non
Oportunidade	Existencia de asesoría dixital de zona.	Administración educativa	Si
Oportunidade	Existencia na contorna de establecementos que ofrecen soporte TIC de cara a poder solventar con inmediatez pequenas averías ou adquisición de subministros.	ANPA	Si
Oportunidade	Colaboración activa da ANPA para a adquisición de novos materiais e recursos.	Contorna	Si
Oportunidade	Solicítase ás familias do alumnado autorización expresa para o tratamento de uso da imaxe, son e datos, de acordo á lexislación vixente, o que permite traballar con diferentes plataformas, recursos, a pesar de non ser corporativos da Consellería.	Lexislación	Non
Oportunidade	Cesión de equipamento entre centros (Escola Infantil, IES, CODI) segundo necesidades. Existencia no Concello de aula CEMIT para uso do centro baixo demanda. Colaboración do punto limpo e o Concello na recollida de material obsoleto ou danado.	Outras	Si

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Manter operativos e en bo estado os recursos TIC do centro e adquirir ou solicitar novos recursos cando sexa preciso.
O02PD	Motivar ao mestrado a formarse para mellorar a súa competencia dixital coa fin de coñecer posibilidades de emprego das pantallas dixitais, radio na bilbio, creación audiovisual e creación de novos recursos para o banco de recursos.
O03PD	Reducir o tempo de pantalla para o alumnado dentro da aula e brindar formación e información á comunidade educativa sobre o emprego responsable das pantallas no fogar.
O04PD	O04PD Levar a cabo o festival "Festivalga", participando activamente na elaboración audiovisual, organización do evento e difusión do mesmo en redes sociais.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Infraestruturas - Excelente dotación (pantallas multitáctiles, tabletas, smartphones, portátiles, robots, mesas de luz, luz negra, retroproectores, teclados inalámbricos,)

Espazos amplos, versátiles e ben equipados.

Repositorio de recursos en liña de elaboración propia e de acceso para todo o profesorado.

Fortaleza - Organización de centro - Emprego de ferramentas TIC para a comunicación da Comunidade Educativa, elaboración de material e documentos do centro, creación de redes de traballo;

Existencia dun Equipo Directivo proactivo, moi implicado.

Oportunidade - Administración educativa - Existencia de asesoría dixital de zona.

Oportunidade - ANPA - Existencia na contorna de establecementos que ofrecen soporte TIC de cara a poder solventar con inmediatez pequenas averías ou adquisición de subministrados.

Oportunidade - Outras - Cesión de equipamento entre centros (Escola Infantil, IES, CODI) segundo necesidades.

Existencia no Concello de aula CEMIT para uso do centro baixo demanda.

Colaboración do punto limpo e o Concello na recollida de material obsoleto ou danado.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Manter o estado óptimo dos recursos TIC do CRA para seren empregados.	O 90% dos equipos está en estado óptimo	o 100% dos equipos está en estado óptimo				
Os equipos (incluídos os novos) das escolas deben estar configurados para ter acceso á rede edu.xunta.gal	80% dos equipos teñen a conexión de rede configurada con edu.xunta.gal	100% dos equipos con acceso á rede edu.xunta.gal				
Continuar coa creación de recursos dixitais, explorando novas aplicacións diferentes a Genially e Canva.	Dispónse dun banco de recursos creado no curso anterior	Aumenta o nº e tipo de recursos no banco de recursos				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3 Configurar a impresión nas impresoras dende todos os ordenadores do centro.	30/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Escolas do CRA	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1 Actualizar o inventario dos recursos TIC detectando as necesidades e carencias.	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	O mestrado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2 Reconfigurar os equipos dixitais das escolas e do profesorado para poder ser empregados.	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Escolas do CRA	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Necesidade de formación específica para un mellor aproveitamento dos recursos dixitais na Educación Infantil. As características da aprendizaxe mixta non se adaptan á Educación Infantil.

Fortaleza - Alumnado - Implicación do alumnado en todas as propostas relacionadas coas TIC.

Materiais adaptados ao alumnado con nee.

Fortaleza - Familias - Boa resposta ao uso das tecnoloxías e uso activo das canles de comunicación operativas no centro (Instagram, Whatsapp, Blog, Web do centro, Facebook¿).

Fortaleza - Organización de centro - Emprego de ferramentas TIC para a comunicación da Comunidade Educativa, elaboración de material e documentos do centro, creación de redes de traballo¿

Existencia dun Equipo Directivo proactivo, moi implicado.

Fortaleza - Persoal docente - Boa predisposición e uso dos recursos dispoñibles.

Creación de recursos en liña abertos ao profesorado.

Adaptación ás necesidades e características do alumnado atendendo á diversidade e garantindo a inclusión.

Existencia dun Proxecto interdisciplinar compartido por todo o centro.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
O novo profesorado coñece as características e posibilidades das novas pantallas multimedia interactivas.	Descoñécese e se o novo profesorado coñece as novas pantallas e cómo poder empregarlas	O 100% do profesorado coñece as características das pantallas				
O profesorado realiza formación en radio escolar e creación audiovisual.	PFFP de Polos Creativos encamiñado á radio escolar e creacións audiovisuais	Realízanse tarefas formativas sobre radio escolar e creación audiovisual.				
Continúase creando recursos para o banco de recursos compartido, explorando novas aplicacións.	Banco de recursos existente	Elaborar novos recursos para o banco de recursos compartido, con algunha aplicación diferente				
O profesorado realiza novos recursos materiais coas ferramentas incluídas nos Polos Creativos (Cricut, lápices 3D, bots, e outras ferramentas que o programas de Polos Creativos nos poida brindar	Dispónse de recursos materiais creados con ferramentas de Polos Creativos	Realizar novos recursos materiais con ferramentas diferentes non empregadas ata agora				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1 Cerciorar que o novo profesorado coñece as pantallas multimedia, as súas características e como empregalas. De non coñecer, programar actividades de formación para o curso, con carácter urgente.	30/10/2024	setembro
Responsables	Coordinación PFPP	
Destinatario	Claustro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2 Continuar a formación para crear recursos interactivos en diferentes plataformas.	30/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinación PFPP	
Destinatario	Todo o profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.3 Continuar coa liña de PFPP de Polos Creativos, buscando desenvolver a formación en radio na escola, creación audiovisual e creación de recursos materiais con ferramentas incluídas nos Polos Creativos.	30/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Todo o profesorado	
Destinatario	Todo o profesorado	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Abuso dos tempos de uso dos dispositivos TIC e, en ocasións, frustración cando se limita o seu uso.

Alta dependencia dunha guía do adulto. Non é facilmente realizable polo alumnado de xeito autónomo.

Fortaleza - Familias - Boa resposta ao uso das tecnoloxías e uso activo das canles de comunicación operativas no centro (Instagram, Whatsapp, Blog, Web do centro, Facebook).

Oportunidade - Contorna - Colaboración activa da ANPA para a adquisición de novos materiais e recursos.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Crear unha xornada informativa a través da Escola de nais e pais sobre o emprego responsable das pantallas.	Non se brindou esta formación ás familias	Xornada de Escola de nais e pais sobre este tema realizada				
Establécese unha rutina restrinxida ó desenvolvemento do proxecto para o emprego das pantallas nas aulas.	Non existe unha rutina ou norma sobre o emprego de pantallas en todas as escolas	Cada escola establece normas e rutinas no emprego das pantallas co alumnado				

4.4.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO3.1 Establecer, en cada escola, unha rutina de emprego de pantalla axustada 3 requerido no desenvolvemento diario do proxecto. Non exceder nin permitir o emprego de pantallas como actividade de lecer.	30/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xu3o, maio, abril, marzo
Responsables	Todo o profesorado do CRA	
Destinatario	O alumnado do CRA.	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Establ3cese unha rutina restrinxida 3 desenvolvemento do proxecto para o emprego das pantallas nas aulas.	Non existe unha rutina ou norma sobre o emprego de pantallas en todas as escolas	Cada escola establece normas e rutinas no emprego das pantallas co alumnado	
Cr3ase unha xornada informativa a trav3s da Escola de nais e pais sobre o emprego responsable das pantallas.	Non se brindou esta formaci3n 3s familias	Xornada de Escola de nais e pais sobre este tema realizada	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO3.2 Levar a cabo formaci3n 3s familias sobre o emprego responsable das pantallas para a comunidade educativa a trav3s do programa "Escola de nais e pais"	30/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xu3o, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadores do PFPP e direcci3n do CRA de Valga	
Destinatario	Familias do CRA de Valga	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Establ3cese unha rutina restrinxida 3 desenvolvemento do proxecto para o emprego das pantallas nas aulas.	Non existe unha rutina ou norma sobre o emprego de pantallas en todas as escolas	Cada escola establece normas e rutinas no emprego das pantallas co alumnado	
Cr3ase unha xornada informativa a trav3s da Escola de nais e pais sobre o emprego responsable das pantallas.	Non se brindou esta formaci3n 3s familias	Xornada de Escola de nais e pais sobre este tema realizada	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Todo o profesorado participa activamente na creación e desenvolvemento do festival "Festivalga"	O profesorado acepta crear e participar no festival	O 100% do profesorado participa activamente no festival				
O profesorado participa na creación dun videoclip en cada escola	O profesorado acepta participar na creación dos videoclips das escolas	As 6 escolas teñen videoclip propio				
O profesorado comparte en redes os videoclips das escolas e motiva á comunidade educativa a participar	Videoclips elaborados	o 100% dos videoclips das escolas e profesorado se comparten en redes sociais				

4.5.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO4.1 O profesorado do cra participa de forma activa para que cada escola elabore o seu videoclip	25/05/2025	febreiro, maio, abril, marzo
Responsables	Todo o profesorado	
Destinatario	O alumnado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
A04.2 O profesorado participa na difusi3n e publicidade dos videoclips e do evento de forma activa.	25/05/2025	febreiro, maio, abril, marzo
Responsables	O profesorado do centro	
Destinatario	Alumnado e comunidade educativa	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO4.3 Organizaci3n do festival "Festivalga"	25/05/2025	febreiro, maio, abril, marzo
Responsables	Equipo TIC e resto do profesorado	
Destinatario	Alumnado e comunidade educativa	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecuci3n de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliaci3n procesual a frecuencia da s3a realizaci3n ser3 como m3nimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluir3n o estado da execuci3n das acci3ns, a an3lise e valoraci3n dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificaci3ns das acci3ns e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliaci3n final a frecuencia da s3a realizaci3n ser3 como m3nimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluir3n, entre outros, a valoraci3n do logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Todo isto verase reflectido na memoria final de cada curso.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliaci3n

6.1. Procedemento para a avaliaci3n

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecuci3n de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliaci3n procesual a frecuencia da s3a realizaci3n ser3 como m3nimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluir3n o estado da execuci3n das acci3ns, a an3lise e valoraci3n

dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano.

Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Todo isto verase reflectido na memoria final de cada curso.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Este documento será difundido á Comunidade Educativa trala súa aprobación, mediante a Páxina Web do centro e/ou aula virtual.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
PLAN DIXITAL CRA DE VALGA	36024161_CRA DE VALGA_PlanDixital_V1.0_04062022(3).pdf